



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés

Materia	Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés			
Código	V01G180V01203			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Urdiales Shaw, Martín			
Profesorado	Figueroa Dorrego, Jorge Juan Urdiales Shaw, Martín			
Correo-e	urdiales@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ocúpase da lingua instrumental e préstalles atención ao uso do vocabulario e a gramática na comunicación oral. A comprensión auditiva céntrase na discriminación de son e na comprensión xeral. O curso ten unha orientación práctica.			

## Competencias de titulación

Código			
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz		
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios		
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao		
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos		
A13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada		
B1	Que as/os estudantes demostraren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo		
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado		
B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía		

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
- Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa no idioma obxecto de estudo.	A1	B5
- Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	A1	B1

- Desenvolver as nocións fundamentais de vocabulario en temas básicos e expandir estes coñecementos a temas máis complexos, fomentando a aplicación práctica do vocabulario á lectura e redacción de textos, así como á comprensión e expresión oral.	A1	B1
- Sentar as bases para o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.	A1 A6 A9	B5
- Acrecentar as habilidades de comprensión e expresión oral tanto para a información específica como para a información xeral.	A1 A5 A6 A9	B5
- Fomentar a capacidade de expresión da lingua a través do traballo en equipo.	A1 A6	B4
- Desenvolver a capacidade de organización e planificación da lingua oral e escrita tomando como base os coñecementos gramaticais.	A1 A6	B5

## Contidos

Tema	
1. English in Use.	1.1. Modal verbs. 1.2. Passive voice. 1.3. Relative clauses. 1.4. Questions and auxiliary verbs: yes/no questions, short answers, question words, question tags. 1.5. Infinitives and -ing form: verb+to infinitive, verb+infinitive without to, verb+ing, verb+object+infinitive, verb+that. 1.6. Conditionals.
2. Topics for vocabulary and speaking.	2.1. Health. 2.2. Music. 2.3. Media and advertising. 2.4. Employment and unemployment. 2.5. Sport, travel, and other leisure activities. 2.6. Food and drinks. 2.7. Science and the environment. 2.8. Crime.
3. Listening skills.	3.1. General comprehension. 3.2. Listening for details.
4. Speaking activities.	4.1. Presentations. 4.2. Role-plays.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	14	0	14
Resolución de problemas e/ou exercicios	18	28	46
Presentacións/exposicións	10	20	30
Traballos de aula	8	50	58

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación dos obxectivos, contidos, metodoloxías, materiais e avaliación da materia.
Sesión maxistral	Explicacións sobre o apartado de uso da lingua inglesa incluído nesta materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios na aula baseados nos contidos teóricos expostos nas "sesións maxistrais".
Presentacións/exposicións	Presentacións e actividades de simulación (na aula) utilizadas para a práctica de vocabulario e a expresión oral.
Traballos de aula	Actividades para desenvolver a comprensión auditiva.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	O profesorado facilitaralle ao alumnado a atención que necesite para as súas presentacións orais, participación en debates e exercicios que ten que realizar fóra da aula. Sempre en horario de titorías. NON se respostarán / resolverán dúbidas sobre os contidos, metodoloxía ou avaliación desta materia sen a presenza física do alumno/a interesado/a. O uso da plataforma FAITIC será irrelevante para o desenvolvemento desta materia (ver 8. Bibliografía)

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas baseadas nos contidos gramaticais e léxicos impartidos.	50
Presentacións/exposicións	Avaliación das presentacións, simulacións e outras actividades orais realizadas nas clases prácticas.	20
Traballos de aula	Probas de escoita realizadas nas respectivas sesións de aula.	30

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

O proceso de avaliación recomendado está deseñado para todo o alumnado que asista a clase regularmente, o que non implica que a asistencia en si mesma forme parte da cualificación.

O alumnado non asistente, será avaliado mediante un exame escrito a final de cuadrimestre que suporá o 70% da nota e constará de exercicios de gramática (30%), vocabulario (20%) e escoita / expresión oral (20%).

OS TRABALLOS, EXERCICIOS OU PROBAS DE AULA PERDIDAS/OS POR FALTA DE ASISTENCIA (AGÁS CAUSA XUSTIFICADA / FORZA MAIOR) NON SERÁN RECUPERABLES NOUTRAS SESIÓN, DADO QUE ISTO ALTERARÍA O RITMO DA DOCENCIA. POR TANTO, CADA ALUMNA/O É RESPONSABLE DE DECIDIR Ó PRINCIPIO DO CUADRIMESTRE SE ESTÁ EN CONDICIÓNS DE ASISTIR REGULARMENTE ATA O FINAL, E ASÍ OPTAR Á AVALIACIÓN CONTINUA.

Durante o curso, o profesorado informará con antelación suficiente (unha semana) das datas de actividades avaliábeis que formen parte da avaliación continua.

O alumnado que non supere a materia en maio poderase presentar en xullo para a segunda edición de actas. Nesta edición faranse probas escritas e orais semellantes ás descritas ao final do primeiro parágrafo (exercicios de gramática: 30%, vocabulario: 20%, escoita: 20%, escoita / expresión oral: 30%).

### **Bibliografía. Fontes de información**

Comfort, J., **Effective Presentations**, Oxford,  
 Eastwood, John, **Oxford Practice Grammar**, Oxford,  
 Hashemi, I. and Thomas, B., **Grammar for First Certificate**, Cambridge,  
 Mccarthy, M. and O´Dell, F., **English Vocabulary in Use**, Cambridge,  
 Murphy, R., **English Grammar in Use**, Cambridge,  
 Swan, Michael, **Practical English Usage**, Oxford,  
 Thomas, B. and Matthews, B., **Vocabulary for First Certificate**, Cambridge,  
 Vince. Michael, **First Certificate Language Practice**, Macmillan,  
**Cambridge Advanced Learner's Dictionary**, Cambridge,  
**Oxford Wordpower Dictionary**, Oxford,  
**Merriam-Webster Online Dictionary and Thesaurus**, Merriam-Webster,

O profesorado informará a principios do cuadrimestre dos libros que o alumnado debe adquirir por seren de uso frecuente nesta materia. O resto das referencias bibliográficas incluídas no listado anterior están pensadas como posible material complementario, que pode ser útil para consultar dúbidas e reforzar a aprendizaxe da lingua inglesa.

A plataforma Faitic NON será relevante para o desenvolvemento desta materia. Todas as recomendacións de estudo, exercicios, bibliografía e material didáctico se proverán na aula.

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105

### **Outros comentarios**

A asistencia e participación activa nas sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición das competencias desta materia por parte do alumnado, polo que é moi recomendable. Non obstante, a asistencia por si mesma non é un elemento avaliábel.

Aconséllase tamén o estudo diario dos contidos gramaticais e léxicos impartidos nas clases, e a realización de exercicios prácticos sobre ditos contidos.

Para poder seguir mellor as clases é aconsellable posuír un nivel B1 (intermedio) de inglés.

---